

públicas e do procedemento administrativo común, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a
II	002	ATS, enfermeiro/a, practicante, DUE
II	006	Educador/a, profesor/a especial
II	017	Asistente social
III	065	Oficial 1ª coziña, oficial 1ª cociñeiro, xefe/a cociña, cociñeiro/a 1ª
III	066	Axudante taller, adxunto/a taller
III	068	Oficial 1ª agrario. Capataz agrario
IV	003	Auxiliar sanitario, auxiliar clínica, auxiliar psiquiátrico/a, auxiliar de enfermaría, coidador/a xeriátrico, coidador/a
IV	004	Auxiliar fogar, coidador/a auxiliar, auxiliar coidador/a, auxiliar de internado
IV	005	Oficial 2ª coziña, cociñeiro/a oficial 2ª
IV	011	Auxiliar de laboratorio
IV	016	Condutor/a
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas
V	001	Camareiro/a-limpiador/a, axudante de coziña, pasador/a de ferro-lavandeiro/a, costureiro/a, cortador/a
V	002	Axudante de traballos ou oficios, axudante albanel, peón/oa especializado/a, fontaneiro/a, axudante, hortelán/a, axudante traballos, encargado/a xardín
V	003	Ordenanza, celador/a, vixilante de oficinas, vixilante nocturno/a, vixilante, subalerno/a, porteiro/a, recepcionista, telefonista, sereno, garda, garda xuramentado
V	011	Limpiador/a, fregador/a, empregado/a comedor, empregado/a coziña-pinche, servizo doméstico. Mozo/a de limpeza, pinche de coziña, persoal de servizos xerais
V	012	Peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, mozo/a, pastor/a, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, EFU, mozo/a mantemento, mozo/a subalerno
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de maio de 2009 pola que se concede aprazamento da fase de prácticas ao opositor que superou o procedemento selectivo do corpo de profesores de ensino secundario convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril).

Por Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril) convocáronse procedementos selectivos de

ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O número 4 da base común 13 da citada orde establece que a secretaría xeral poderá, por causa xustificada e por petición do interesado, conceder o aprazamento da fase de prácticas.

Por Orde do 29 de agosto de 2008 (DOG do 2 de setembro) nomeáronse funcionarios en prácticas, entre outros, os opositores que superaron o proceso selectivo do corpo de profesores de ensino secundario convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril).

Vista a petición formulada e a documentación presentada por José Ramón Besteiro Fernández, esta consellería

DISPÓN:

Conceder aprazamento da fase de prácticas durante o curso 2008-2009 a José Ramón Besteiro Fernández, DNI 33853583-K, corpo de profesores de ensino secundario, disciplina filosofía.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os aspirantes que superaron os procedementos selectivos para o acceso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional convocados pola Orde do 10 de marzo de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo), pola Orde do 9 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 13 de abril) e pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril).

Pola Orde do 29 de agosto de 2008 (DOG do 2 de setembro) e pola Orde do 13 de marzo de 2009 (DOG do 24 de marzo) nomeáronse funcionarios en prácticas dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 10 de marzo de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* do 14 de marzo), os opositores que superaron o proce-

demento selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 13 de abril) que tiveron concedido aprazamento da fase de prácticas durante o curso 2006-2007 e 2007-2008 ou por non ter superada a fase de prácticas no curso 2007-08, segundo a Orde do 20 de xuño de 2008, e os opositores que superaron o procedemento selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril) coas excepcións mencionadas no punto terceiro da citada Orde do 30 de agosto de 2007 e os relacionados na Orde do 24 de abril de 2009 e na Orde do 25 de maio de 2009 por ter concedido aprazamento da fase de prácticas.

Rematada a fase de prácticas e vistas as propostas efectuadas polas comisións avaliadoras, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Declarar apta na fase de prácticas e aprobada definitivamente nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 10 de marzo de 2006, a opositora María Rosa Daporta Santiago, DNI 35463050-V do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade inglés.

Segundo.-Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007, os opositores que se relacionan:

-Corpo profesores de ensino secundario:

Francisco Conde Soto, DNI 36145781-Q, especialidade de filosofía.

Rafael Carlos Sisto Edreira, DNI 3252651-X, especialidade de física e química.

-Corpo de profesores técnicos de formación profesional:

Mónica López Cancio, DNI 9417280-E, especialidade de servizos á comunidade.

Daniel Sineiro Fontenla, DNI 35320096-P, especialidade de mecanizado e mantemento de máquinas.

-Corpo de profesores de música e artes escénicas:

Fernando Buide del Real, DNI 44823800-C, especialidade de fundamentos de composición.

David Rodríguez García, DNI 53170841-Q, especialidade de percusión.

Ana Salgado Sabariz, con DNI 44469417-K, especialidade de óboe.

Leticia Salgado Sabariz, con DNI 44469418-E, especialidade de piano.

Lorena López Cobas, DNI 76819788-H, especialidade de historia da música.

Terceiro.-Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de

2008, os opositores relacionados nos anexos II, III, IV e V da Orde do 29 de xullo de 2008 (DOG do 22 de agosto), e pola Orde do 13 de marzo de 2009 (DOG do 24 de marzo), coas seguintes excepcións:

a) Por ter concedido aprazamento da fase de prácticas:

-Corpo profesores de ensino secundario:

José Ramón Besteiro Fernández, DNI 33853583-K, especialidade de filosofía.

Pablo González Sequeiros, DNI 34876104-P, especialidade de matemáticas.

Daniel Blanco Chapela, DNI 73241894-G, especialidade de matemáticas.

David Tizón Couto, DNI 36152791-B, especialidade de inglés.

Mikel Pasabant Quintián, DNI 15246679-W, especialidade de inglés.

Beatriz Tizón Couto, DNI 36152789-D, especialidade de inglés.

Xosé Álvarez García, DNI 36075769-Q, especialidade de lingua e literatura galega.

-Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas:

Laura Iglesias Padrón, DNI 44450643-S, especialidade de inglés.

-Corpo de profesores de música e artes escénicas:

Iago Lariño Rodal, DNI 78733572-H, especialidade de fruta travesa.

b) Por non superar a fase de prácticas:

Virginia Domínguez Martínez, DNI 78794800-C, corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas.

Luisa Taboada Conde, DNI 76897053-A, corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de lingua castelá e literatura.

José Manuel Feijoo Buceta, DNI 35463144-L, corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrónicos.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria